



# CAMBIO DE SENTIDO

## PROGRAMA

### XUSTIFICACIÓN:

A morbilidade e mortalidade derivadas dos accidentes de tráfico constitúen un problema importante nas sociedades industrializadas. Os datos dispoñibles sinalan que o factor humano é o principal responsable destes accidentes e en moitos casos prodúcese polo consumo de alcohol e outras drogas por parte dos/das conductores/as. Resulta evidente que o consumo de alcohol ou outras drogas ten un impacto moi negativo sobre a conducción, provocando diversas alteracións da atención, a coordinación, os tempos de reacción, etc., que incrementan o risco de sufrir accidentes, incluso tras a inxestión de pequenas cantidades destas substancias.

### OBXECTIVOS:

- Mellorar a información dos/das alumnos/as das autoescolas en relación cos riscos asociados á conducción de vehículos baixo os efectos do consumo de alcohol ou outras drogas.
- Incrementar a percepción de vulnerabilidade persoal derivada da conducción dun vehículo tras consumir alcohol ou outras drogas.
- Reducir o número de accidentes viarios entre a mocidade nos cales interveñen o alcohol ou outras drogas.
- Reducir o número de lesionados e mortos en accidentes viarios entre a mocidade nos cales interveñen o alcohol ou outras drogas.
- Promover actitudes e condutas máis responsables e seguras na conducción de vehículos entre a poboación.

### DESTINATARIOS:

Alumnado das autoescolas.

### METODOLOXÍA:

Inclusión de contidos formativos sobre o impacto do consumo de alcohol e outras drogas na seguridade viaria, dentro da formación xeral que os/as alumnos/as que aspiran a obter o permiso de circulación reciben nas autoescolas.

### DURACIÓN:

Desenvólvese ao longo de 2 sesións de 2 horas cada unha.

### CONTIDOS:

- Introducción ao tema da seguridade viaria, o alcohol e outras drogas.
- A ilusión de invulnerabilidade.
- Uso-abuso: "Uso racional do alcohol".
- Alcohol e conducción.
- Recomendacións en caso de ter pensado beber alcohol.
- Cómo actuar ante unha intoxicación alcohólica (qué facer e qué non facer).
- Medicamentos, outras drogas e conducción.